



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Ciencias Políticas e Sociais**

**Curso Académico: 2018/2019**

## Índice

1.	Introdución .....	1
2.	Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	2
3.	Plan de Melloras do Centro .....	22
4.	Anexo: Informes de seguimento .....	27

## 1. Introducción

Esta memoria é testemuña do compromiso da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais coa adopción dun enfoque de calidade que procura no só a excelencia dos programas formativos que oferta, senón a construción dunha comunidade académica comprometida cun ensino público de calidade e a máxima conexión co tecido socioeconómico no que se insiren a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).

No marco dos programas de xestión de calidade implementados pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais [en adiante, a Facultade] configura a súa política propia asumindo como principal obxectivo o desenvolvemento eficiente da súa oferta educativa.

O desexo de perfeccionar os programas formativos que se imparten no Centro é unha das principais motivacións que guían aos órganos de goberno do Centro e comprometen mesmo á toda á comunidade académica. Este desexo materialízase nunha supervisión estreita da posta en práctica dos programas e a procura continua de elementos que merecen ser mellorados.

Os nosos obxectivos abranguen, igualmente, o estímulo da actividade investigadora así como o enriquecemento da vida cultural da nosa comunidade e o incremento da participación de todos os actores implicados, fomentando, en suma, como proxecto común, a oferta dun servizo público renovador, aberto e responsable.

Esta Memoria de Calidade, correspondente ao curso académico 2018-2019, foi elaborada no seo da Comisión de Calidade e aprobada polos seus integrantes o 13 de novembro de 2020.

O documento recolle información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC), ao seguimento dos títulos impartidos no Centro e ao plan de melloras, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

### 2.1 Estrutura da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais para o desenvolvemento do SGIC

#### Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do Sistema de Garantía Interna de Calidade [en adiante, SGIC] durante o curso 2018-2019 abrangue todas as titulacións impartidas no Centro e toda a súa comunidade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Os ofertados pola Facultade, vixentes durante o curso 2018-2019 foron:

- Grao en Ciencia Política e da Administración (BOE de 16/02/2009) [en adiante, GCPA]
- Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política (DOG de 12/02/2013) [en adiante, MMCCP].

#### Documentación de referencia

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Ciencia Política e da Administración.
- Memoria do Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política.
- Normativa propia do Centro ([Regulamento dos Traballos Fin do Grao en Ciencia Política e da Administración](#); Regulamento Interno de Xestión de Espazos e Mecanismo de Supervisión de Obrigas Docentes).
- Actas cos acordos da Xunta de Facultade e das distintas comisións delegadas.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen no desenvolvemento do SGIC son:

- Equipo Decanal.
- Responsable de Calidade do Centro.
- Xunta de Facultade.
- As Comisións delegadas da Xunta de Facultade e, en especial, a Comisión de Calidade de Centro.
- Coordinador/a do GCPA.

- Coordinador/a do MMCCP.
- Coordinador/a de alumnado (creado o 22/03/18)
- Comisión do Título de GCPA (creada o 20/12/17)
- Comisión Académica do MMCCP (reformada o 20/12/17).

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Apdo. 1.2.3 (Pp. 5-13) e Apdo. 3 (17 e ss.) do *Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* (Aprobado pola Xunta de Facultade o 12/06/2015). As funcións do coordinador de alumnado, da Comisión do Título de GCPA e da Comisión Académica do MMCCP foron aprobadas pola Xunta de Facultade e incorporadas a última versión do Manual do SGIC do Centro.

Detállase, a continuación, a composición da Comisión de Calidade do Centro [en diante, CCC] no curso 2018-19:

- Decano (Responsable de Calidade do Centro)
- Coordinador do Título de Grao
- Coordinador do Título de Máster
- Xestor de Centro
- 2 alumnos
- 1 membro do PAS
- 2 membros do PDI

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro, que engloba distintos informes e memorias: proposta do plan de melloras do Centro para o curso seguinte, que recolle as accións de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora; informes de seguimento dos Títulos.

Na implantación do SGIC implícase a todos os grupos de interese internos, e, a través dos órganos previstos nel, analízanse diversos indicadores que permiten ter un coñecemento detallado de todos os aspectos relevantes para o seguimento dos títulos e para propor modificacións e melloras neles.

**Reunións da Comisión de Calidade do Centro durante o curso 2018-2019:**

**11 de marzo de 2019. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Informes de seguimento do Grao en Ciencia Política e da Administración e do Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política
- Rolda aberta de intervencións

**13 de maio de 2019. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais 2017-18.
- Estudo de queixas compiladas polos representantes de alumnos sobre docencia no Grao.
- Rolda aberta de intervencións.

**Reunións da Comisión do Título do GCPA durante o curso 2018-2019:**

**25 de setembro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- Análise das solicitudes de validación presentadas.
- Análise das solicitudes de cambio de grupo do curso 2018-2019.
- Asuntos de Trámite.
- Rolda aberta de intervencións.

**4 de outubro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- Resolución definitiva das solicitudes de cambio de grupo do curso 2018-2019. Análise das solicitudes de validación presentadas.
- Análise das solicitudes de validación presentadas.
- Rolda aberta de intervencións.

**24 de outubro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

- Solicitudes de cambio de grupo do curso 2018-2019 (Alumnos de matrícula serodía).
- Análise das solicitudes de validación presentadas.
- Rolda aberta de intervencións.

**20 de novembro de 2018. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Punto único da orde do día: Solicitudes de recoñecementos de estudos pendentes.

**15 de febreiro de 2019. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- Solicitudes de cambio de grupo do curso 2018-2019 (Segundo Plazo).
- Análise das solicitudes de validación presentadas.
- Rolda aberta de intervencións.

**30 de abril de 2019. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Único asunto: Reforma do Plan de Estudos do Grao en Ciencia Política e da Administración para reducir o peso das prácticas.

**8 de maio de 2019. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación se procede, das actas anteriores.
- Modificación substancial autorizable do Plan de Estudos do Grao en Ciencia Política e da Administración para reducir o peso das prácticas
- Rolda aberta de intervencións.

***Reunións da Comisión Académica do MMCCP durante o curso 2018-2019:***

**19 de setembro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, das actas anteriores.
- Estudo e toma de posición sobre os escritos presentados polos alumnos que se relacionan e que se adxuntan a esta convocatoria.
- Proposta de modificación do PDA a solicitude do Departamento de Ciencias da Comunicación.
- Asuntos de Trámite.
- Rogos e preguntas.

**18 de outubro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- Asignación de matrículas de honra aos TFM do curso 2017-2018.
- Substitución dun membro da Comisión Académica por cambios no PDA e no POD.
- Convocatoria de eleccións do representante do alumnado na Comisión Académica.
- Asuntos de Trámite.
- Rogos e preguntas.

**29 de novembro de 2018. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- Nomeamento dos tribunais e aprobación das datas para a defensa dos TFM na convocatoria de febreiro.
- Asuntos de Trámite.
- Rogos e preguntas.

**29 de xaneiro de 2019. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- Aprobación da proposta de oferta de prazas para o curso 2019-2020.
- Aprobación da proposta de regulamento de prácticas.
- Aprobación da proposta de regulamento de TFM.
- Aprobación dos criterios de asignación de prácticas e TFM para o curso 2018-2019.
- Aprobación dos modelos de informe de avaliación de titor de TFM, de titor externo de prácticas, de informe do alumno de prácticas, e de solicitude de prácticas.
- Asuntos de Trámite.
- Rogos e preguntas.

**13 de febreiro de 2019. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, do PDA para o curso académico 2019-2020.
- Rogos e preguntas.

**28 de febreiro de 2019. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Aprobación, se procede, das actas anteriores.
- Asignación de prácticas externas para o curso académico 2018-2019.
- Aprobación, se procede, dos expedientes de convalidación de prácticas.
- Informe e proposta do coordinador.
- Asuntos de Trámite.



- Rogos e preguntas.

#### **18 de febreiro de 2019. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Declaración de intencións respecto do Máster.
- Rogos e preguntas.

#### **15 de marzo de 2019. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou español para cursar o Máster.
- Rogos e preguntas.

#### **22 de abril de 2019. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:**

- Lectura e aprobación, se procede, das actas anteriores.
- Aprobación do horario para o curso académico 2019-2020.
- Nomeamento de datas de lectura e tribunais de TFM para as convocatorias de Xullo e Setembro do presente curso 2018-2019.
- Proposta Máster sede IUIOG.
- Asuntos de trámite.
- Rogos e preguntas.

### **2.2 Seguimento do SGIC**

A USC ten establecido e mantén documentado e implantado un Sistema de Garantía Interna de Calidade e mellora continuamente a súa eficacia consonte aos requisitos dos modelos de garantía de calidade Fides-Audit. De acordo con este modelo, o deseño do Sistema de Garantía Interno de Calidade aplicado a todas as ensinanzas oficiais impartidas no Centro obtivo un informe positivo (26/04/10) conforme ás directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES – AUDIT.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009 e, dentro deste SGIC marco, e de acordo cun modelo simplificado aprobado pola USC, a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais aprobou na Xunta de Facultade do 12 de maio de 2015 o seu *Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais*. Este SGIC foi aprobado definitivamente polo Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015.

O SGIC concrétase nos procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco, sen variacións adoptadas no centro. O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no manual de procesos do SGIC marco da Universidade, así como na aplicación informática de soporte ao Sistema de garantía de calidade do Centro. Tanto o *Manual simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais* así como o resto

da documentación relacionada co mantemento de SGIC están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade: <http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html>

De acordo co establecido no SGIC marco da USC e no SGIC da Facultade, os procedementos de recollida de información funcionaron axeitadamente. A Información recollida foi analizada, en especial, no proceso de seguimento de títulos e fixación de accións de mellora.

Ademais dos procedementos de recollida de información fornecidos pola USC, o Centro impulsa a aplicación de ferramentas propias de recollida de datos, como son a enquisa de inserción laboral, as enquisas a novo alumnado e ao alumnado pertencente a programas de intercambio.

Nas actas das reunións da Comisión de Calidade, a Comisión do Título do GCPA e a Comisión Académica do MMCCP recóllense as valoracións sobre a análise dos distintos indicadores, que serven de base para formular propostas de mellora que son incorporadas aos respectivos informes de seguimento.

Para analizar a calidade do ensino e a do profesorado utilízanse datos relativos a PDA, POD, información sobre o persoal de apoio, sobre o profesorado, informes sobre cualificacións e varias enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado. Os datos e informes son analizados polos órganos do SGIC para acadar a mellora da calidade das ensinanzas.

A recollida de información e o seu tratamento desenvolveuse segundo o previsto, aínda que habería que indicar que o nivel de participación do alumnado nas enquisas segue a ser baixo, malia os esforzos de comunicación emprendidos polo Centro en coordinación coa Área de Calidade da USC. Para incrementar o nivel de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, nos períodos de realización das mesmas, a dirección do centro está a dar publicidade ás mesmas a través das pantallas do centro e estanse a remitir comunicacións individuais ao alumnado instando a súa participación.

Os procedementos de suxestións e reclamacións están contidos no SGIC. O procedemento de suxestión e queixas recolle a súa tramitación a través do Valedor da Comunidade Universitaria, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (o tratamento de queixas, suxestións e recursos administrativos), e a través do Decanato da Facultade. Cos datos fornecidos, analízanse os resultados relativos a incidencias e reclamacións asociados á planificación e desenvolvemento do ensino, para poder establecer accións de mellora.

As propostas de mellora teñen asignado un responsable da súa execución, e revísanse periodicamente nas reunións das devanditas Comisións para facer un seguimento da súa consecución.

A dirección do Centro e o Responsable de Calidade do Centro trasladan á Comisión de Calidade os informes e recomendacións dos diferentes procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación, que se encarga da súa análise e de propoñer, no seu caso, plans

e accións de mellora.

En todos os órganos do SGIC están representados os grupos de interese internos (PDI, PAS e estudantes), polo que se garante a súa participación no proceso de elaboración, implantación e seguimento das accións de mellora.

### 2.3 Actuacións máis importantes

#### **Estudo sobre o alumnado de novo ingreso do GCPA**

Baixo a supervisión do coordinador do título, Prof. Celestino García Arias, fíxose, un curso máis, unha enquisa ao alumnado de novo ingreso.

#### **Calidade**

Intensificáronse as reunións de coordinación de curso

Aumentaron as iniciativas de recollida de información sobre o funcionamento do grado por parte dos representantes de alumnos

Incrementouse a participación da Facultade en accións de promoción do centro entre estudantes de ensino secundario.

No marco do programa de prácticas extracurriculares da Área de Calidade da USC, durante o mes de xuño de 2019 incorporouse o bolseiro de calidade, Óscar Rilo Lalín, para dar apoio á actualización do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, Manual de Procesos do Centro, elaboración dun Excel sobre evidencias da xestión de procesos e tratamento de datos da enquisa ao novo alumnado.

#### **Promoción da Facultade**

Durante o curso 2018-19, participaron activamente nos programas de promoción da Facultade, organizados pola USC e por entidades externas, os profesores Carlos Allones Pérez e Manuel M<sup>a</sup> de Artaza Montero.

#### **Oferta de cursos complementarios preparatorios para a defensa do TFG**

Coa finalidade de contribuír a incrementar a taxa de éxito no cuarto curso e incrementar a capacidade de inserción laboral, entre xaneiro e marzo de 2019, ofertáronse 13 sesións de 5 cursos complementarios destinado ao alumnado matriculado das *Prácticas Externas*:

- Como facer presentacións con éxito. Especial orientación ao TFG, impartido por Mario López Guerrero.
- Traballo en equipo e comunicación interpersoal, impartido por Mario López Guerrero.
- Procura de información bibliográfica, impartido por Anxo Doval Rey.
- Introducción á análise de datos con R, impartido por Javier Knifki.
- Orientación laboral e procura de emprego, impartido por Alfredo Couselo Barrio.

A excepción do curso impartido polo persoal da Biblioteca da USC, os docentes participantes foron alumnos desta Facultade.

### **Investigadores visitantes**

Durante o curso 2018-19, permaneceron no noso Centro os seguintes investigadores visitantes:

- Diana Rico (UNAM, México), 22/10/18 a 10/12/18.
- Samuel Martin (Loras University, EE.UU.), 4/2/19 a 2/5/19.

### **Recursos humanos**

Xubilación J.L. Barreiro e saída por comisión de servizos do profesor Rafael García Pérez.

### **Asuntos económicos e infraestrutura**

- Reasignación de despachos en función das novas incorporacións de PDI e reordenación dos espazos asignados a grupos de investigación. Traslado do local de alumnos ao antigo seminario de doutoramento.
- Habilitación de espazos de estudo no aulario para os períodos de exames.
- Renovación da rede de datos.
- Electrificación das aulas 0.1 e 0.2.
- Acondicionamento (illamento térmico) do despacho do Depto. de Ciencia Política e Socioloxía.
- Arranxos de prevención de riscos: instalación de varanda e cobertura de foso en saída de emerxencia; reparacións de pavimentos; reparación iluminación.
- Obras de detección de filtracións de auga no edificio do aulario.
- Remate melloras na aula de informática.

### **TFG, Mobilidade e prácticas externas**

(21/9/2018). Aprobación da modificación parcial do Regulamento do TFG: introdúcese a posibilidade de defender o TFG ante o titor/a, puidendo obter unha cualificación máxima de 7 puntos e, por outra banda, a modificación do resto dos artigos do Regulamento para que sexan consecuentes con esta nova opción de defensa. Esta proposta é a resposta ás demandas realizadas en torno á flexibilización do procedemento de avaliación dos TFG. A modificación do regulamento inclúe cambios na presentación dos TFG (presentación dixital e en papel, control anti-plaxio e prazo de realización dos informes dos titores).

A partir de xaneiro de 2019, a facultade adheriuse a o novo programa de colaboración con países non pertencentes ao EEES (Erasmus KA-107) no que na súa primeira convocatoria (curso 2018-19) participou 1 PDI e 2 alumnos con destino a Yereván (Armenia).

En xaneiro de 2019 se presenta declaración de intencións para facer unha modificación substancial autorizable do plan de estudos do grao en ciencia política e da administración co propósito de cambiar o deseño das prácticas externas. O proceso parálzase o 8 de maio ao confirmar a imposibilidade de transformar en optativos os créditos de prácticas externas.

### **Programación cultural**

5/12/18. Charla de Enrique Sáez Ponte, “A liberdade no século XXI”.

25/02/19. Conferencia de Mercé Perea i Conillas, “¿Queremos un sistema público de pensiones?”



14/03/19. Charla-coloquio sobre o Parlamento de Galicia coa intervención de Xesús Vega Buxán, Luís M<sup>a</sup> Toxo Ramallo e Maite Cancelo Márquez (5´)



20/3/19. Conferencia de Ignacio Torreblanca, “Europa: integración, fragmentación y desintegración”.

25/03/19. Seminario “European Foreign and Security Policy”, impartido por Nuria Aldao Piñeiro.

27/03/19. Seminario de Santiago Lago Peñas sobre “Financiamento autonómico”

11/04/19. Mesa redonda “A Crise Política en Venezuela” con Roberto Mansilla e Roberto Montoya, moderada por Emilio Ucha.

23/04/19. Seminario, “Indicadores para el análisis prospectivo de las Elecciones Generales del 28 de Abril”, por José Rama Caamaño.

25/04/19. Mesa redonda, “España y Europa ante un Nuevo Reto Electoral: Elecciones generales y Europeas 2019”, moderada por Jose Rama Caamaño e coa intervención de Astrid Barrio López e Ignacio Molina A. de Cienfuegos.

6-7/05/19. Seminario, “O Espazo Público Europeo: entre fragmentación e politización”, impartido por Luis Bouza García.

16/05/1019. Debate de candidatos/as á alcaldía de Santiago de Compostela.





## 2.4 Indicadores do SGIC

Presentamos unha descrición dos resultados dos indicadores recollidos no Sistema de Garantía Interna dos Centros da USC relativos ao curso académico 2016-2017. Estes indicadores foron facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos títulos e centros para a súa análise dentro dos procesos e procedementos vinculados ao SGIC de cada centro.

### **Grao en Ciencia Política e da Administración**

#### **Perfil de ingreso/egreso**

- Mantense, en 125, o número de prazas ofertadas (indicador IN01G).
- Aínda que se reduce o número de novos matriculados (de 130 a 116), a interpretación dese cambio no contexto de alternancia de subidas e baixadas ao longo do tempo non fai dudar da capacidade sostida da titulación de captación de novos estudantes.
- A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10G), 70,40%, mantense en marxes similares aos acadados en cursos anteriores.
- A creba da tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02G) manifestada no pasado curso consolídase no 2018-2019, con 484 estudantes.
- 467 dos 484 estudantes matriculados (96,29%) proceden de Galicia.
- Os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) mostran, como en cursos anteriores, valores baixos. A porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia é de 3,71.
- Redúcese, ata os 7,98 puntos, a nota media de acceso por preinscrición (indicador IN06G).
- A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a 6 (IN07G) creba a tendencia alcista culminada o pasado curso, e redúcese a 83,19%.
- Os profesores estiman que o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia (INF 14), dándolle unha puntuación de 3,97, o valor máis alto da serie.
- A enquisa sobre elección de carreira e expectativas dos estudantes de novo ingreso (curso 2017-18), realizada no centro o primeiro día de curso, e cuxos resultados, xa que non foi posible actualizar os datos da enquisa realizada ao alumnado de novo ingreso, reproducimos, achega os seguintes resultados máis salientables:
  - Un 76.30% dos estudantes que responden elixen o grao en primeira opción.

- Como motivo aducido para elixir o grao en ciencia política e da administración, un 54.90% indica interese/vocación no ámbito da política e só un 26.50% indica interese polos coñecementos/materia da carreira.
- Un 61.00% das mencións dos estudantes indican que esperan que no título se adquiran coñecementos que efectivamente son propios da carreira (coñecementos sociopolíticos, sobre administracións públicas, economía, dereito, e relacións internacionais).
- Só un 11.20% dos estudantes considera que a carreira pode formar para ser político (consultoría, enquisas...) e só un 1.80% considera que ese sexa o seu traballo desexado. Ademais, o 13.90% cren que se pode adquirir no grao formación para ser analista ou asesor político e para ser investigador ou docente, traballo que desexan só o 9.70% dos estudantes. En cambio, un 19.80% considera que a titulación pode formar para exercer un cargo de carácter político (partido, sindicato...), e un 20.20% desexa esa clase de traballo. Un 27.30% considera que a titulación forma para un posto na administración pública, e un 14.90% considera ese o seu traballo desexado. Probablemente, estas percepcións implican certo desaxuste entre o perfil dos estudantes que ingresan na carreira e o perfil axeitado aos contidos e obxectivos do grao en ciencia política e da administración.
- O descoñecemento sobre que é un político tamén pode contribuír a xerar dúbidas sobre o perfil dos estudantes de novo ingreso: un 28.70% considera que é un “experto político (en xeral)”, e ate un 6.09% que é alguén que exerce/participa/ se adica á política. Apuntan nunha dirección adecuada o 17.80% que indican que é un analista/experto na situación/actores políticos e o 9.90% que indican que é un ensinante/investigador/difusor do entendemento da política e do comportamento político.

### **Rendemento do título**

- O indicador IN55G, mostra a medida de estudantes matriculados por grupo de teoría de formación básica ou obrigatoria. O 65.06 do Grao é un valor inferior tanto ao da media na área de ciencias xurídicas e sociais (71.85) como, aínda que inaprazablemente, ao da media de USC (66.49).
- O indicador IN56G mostra unha situación distinta nas materias optativas, porque o número de alumnos por grupo é superior ao número medio na área de ciencias xurídicas e sociais (42.88 e 39.76) e moi superior ao número medio na USC (31.35).
- O dato da media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32G), 28.69 (29.14 para os grupos de seminario e 24.87 para os grupos de laboratorio) supón unha notable redución respecto dos cinco cursos previos.
- A participación de estudantes en programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G), 5.17%, é o segundo valor máis alto dos últimos seis cursos.
- Ao longo da serie temporal dos seis últimos cursos, e debido á evolución mostrada polos indicadores, non se tivo que reducir o número de prazas ofertadas, que se mantén en 125 (indicador IN01G).



- A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador INo2G) estáncase neste curso.
- Os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) permanece en niveis de anos anteriores.

### **Indicadores de satisfacción**

- Respecto dos resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13), todos os ítems superan os 3,5 puntos e tres igualan ou superan os 4 puntos.
- Respecto dos resultados de resposta á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), as puntuacións son aceptables. O PDI valora con máis de 3.5 puntos todos os ítems e por encima de 4 ata oito de trece ítems.
- Sendo, en xeral, satisfactorias as valoracións do desenvolvemento do programa de prácticas externas, a diferencias respecto as valoracións medias da USC nos últimos cursos suxiren a necesidade de estudar as causas dos descensos de puntuación e adoptar medidas correctoras.
- Aínda que, en termos absolutos, as valoracións de satisfacción dos titores externos de prácticas (INF 07) son aceptables, rexístrase unha caída respecto do curso anterior e cómpre ter presente que en todos os ítems obtense unha valoración inferior á da media da USC, con valores mínimo de 3.43 (formación inicial de coñecementos teórico prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas, e integración do alumnado no medio de traballo) e máximo de 3.86 (cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas, e satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado).
- Dispoñer de tres respostas (taxa de resposta de 13.04%) sobre a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (INF 04 e IN15G) non permite extraer conclusións que non sexan inxustificadamente aventuradas respecto ao descenso de seis décimas (de 3.73 a 3.67) respecto ao curso anterior, pois podería estar influído por múltiples factores idiosincrásicos de carácter tanto persoal como organizativo-institucional.

### **Resultados**

- O dato da taxa de rendemento (IN34G), 72.75%, aínda que prolonga unha tendencia ao aumento, segue a ser inferior á media tanto dos graos de ciencias sociais e xurídicas (79.14%) como á media dos graos da USC (79.49%), que tamén continúan mostrando unha pauta de crecemento, e mantense na proximidade dos valores dos tres cursos anteriores, estabilizándose en valores máis baixos que os de hai cinco cursos (superiores ao 73%).

- O resultado da taxa de éxito (IN35G e INF 17), 86.56% é o segundo valor máis alto na serie temporal dos seis últimos cursos, aínda que o valor móvese nun rango estreito (cun máximo de 88.67% no curso 2013-2014 e un mínimo de 84.58% no curso 2017-2018). Mantense en niveis parecidos aos de cursos anteriores a distancia respecto do valor medio do indicador para os grados de ciencias sociais e xurídicas (87.86%) e para os graos da USC (87.78%).
- O dato da taxa de avaliación (IN36G e INF 19) é do 83.82%, valor similar aos dos dous cursos anteriores e o segundo máis alto da serie temporal de seis cursos, aínda que excesivamente por debaixo da media dos graos de ciencias sociais e xurídicas (90.07%) e dos graos da USC (90.55%).
- A taxa de éxito por curso (IN35G e INF 17) é a seguinte: primeiro, 74.15%; segundo, 84.48%; terceiro, 94.42%; cuarto, 97.81%. O terceiro e o cuarto cursos mostran resultados similares aos do curso anterior.
- A taxa de rendemento das materias do plan de estudo por curso (IN34G e INF 18) é a seguinte: primeiro, 59.30%; segundo, 72.75%; terceiro, 84.81%; cuarto, 90.54%.
- A taxa de avaliación das materias do plan de estudo por curso (IN36G e INF 19) é a seguinte: primeiro, 78.84%; segundo, 85.63%; terceiro, 89.60%; cuarto, 91.06%.
- O dato resultante da taxa de graduación (IN37G), 40.00%, que representa a cuarta caída consecutiva, consolida a tendencia clara ao descenso.
- A duración media dos estudos (IN38G), 4.72 anos, redúcese respecto dos dous cursos anteriores (4.85 e 4.89 anos), é inferior á media da USC (5.06 anos) e case idéntica á media dos graos de ciencias sociais e xurídicas (4.73 anos).
- A porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prosegue formación en cursos superiores (IN40G) é do 20.75%, é inferior á do curso anterior e representa o valor máis baixo da serie temporal de seis cursos. Diminúe a distancia respecto da media dos graos de ciencias sociais e xurídicas e dos graos en xeral da USC de en torno a 8 ou 9 puntos a aproximadamente 5 puntos.
- O dato de taxa de abandono (IN41G), 33.33% redúcese por segundo curso consecutivo, pero é o terceiro valor máis alto da serie dos seis últimos cursos e sitúase moi por riba da media da USC (22.10%) e da media dos grados de ciencias sociais e xurídicas (22.14%).
- A taxa de éxito dos egresados (IN50G), 84.22%, supón un aumento notable respecto do 80.84% do curso pasado, pero segue a estar en valores comparativamente baixos respecto dos cursos anteriores, nos que superaba o 90%.

## **Máster en Márketing, Consultoría e Comunicación Política**

### **Perfil de ingreso/egreso**

- Aínda que a demanda diminúe no 2018 (48,75% das 80 prazas ofertadas), o descenso só o afecta á sede do IUIOG, debido, presumiblemente, a modificacións organizativas internas acaecidas no Instituto, e, desde o curso 2018-2019, aos problemas suscitados pola Xunta de Galicia pola necesidade de adaptar o actual convenio co IUIOG á nova lexislación, que levaron á USC a tomar a decisión de non ofertar, nin impartir, o Máster na sede de Madrid desde devandito curso 2018-2019. Na sede da USC, a demanda superou a oferta de prazas e xerou un porcentaxe de matrícula do 100% das prazas ofertadas.
- Redúcese o número de prazas adxudicadas a alumnos españois que proceden de fóra de Galicia: (15,38%).
- Aumenta lixeiramente a porcentaxe de prazas adxudicadas a alumnado estranxeiro (17,95%).
- Aumenta a nota de acceso, situándose en 7,39; o 100% dos alumnos mostra unha nota media superior a 6.
- Redúcese notablemente a porcentaxe de alumnado matriculado que obtivo o seu título noutras universidades (56,41%). Mantense en valores similares aos de cursos pasados a porcentaxe alta de alumnos admitidos que proveñen de titulacións preferentes.
- Perfil dos alumnos por titulación de orixe: Ciencia Política e da Administración, 44,00%; Xornalismo ou Ciencias da Información, 14,81%; Publicidade e Relacións Públicas, 3,70%; Comunicación Audiovisual, 3,70%. O resto proceden doutras titulacións, realizaron estudos no estranxeiro o teñen o recoñecemento de equivalencia por Resolución reitoral.

### **Rendemento do título**

- A composición multidisciplinar do persoal docente facilita a adquisición por parte do alumnado non só das competencias contidas na Memoria do título, senón tamén das sete competencias xenéricas que establece para o nivel 3 – Máster, o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior.
- Atendendo ás cualificacións obtidas polos alumnos, en liñas xerais, pódese falar de excelentes resultados na adquisición de coñecementos actualizados sobre a Comunicación Estratéxica Integral, o Marketing Político e a Consultoría Política, así como a adquisición de coñecementos sobre as diferenzas e similitudes dos diferentes campos do marketing, da consultoría e da comunicación.

- Na sede da USC, a distribución das cualificacións foi a seguinte: matrículas de honra, 2,12%; sobresaínte, 53,33%; notable, 34,24%; aprobado, 9,69% e non presentado, 0,60%. Respecto do TFM, a porcentaxe de sobresaínte foi de 22,22%; notable, 44,44%; aprobado, 25,93% e non presentado, 3,70% (un 3,70% adicional foron renuncias).

### **Indicadores de satisfacción**

- A satisfacción dos estudantes coa docencia recibida, foi no curso 2018-2019 de 4,28, superior á dos tres cursos anteriores, observándose unha tendencia en ascenso (3,73 curso 2017-2018, 3,94 curso 2016-2017 e 3,47 curso 2015-2016). Cunha única excepción, os indicadores mostran un valor medio de satisfacción por encima de 4 e moi próximo en moitos deles ao 4,5.
- En canto á satisfacción do profesorado con a docencia impartida, esta foi en o pasado curso académico de 4,35 notablemente superior á do ano anterior (3,55), pero similar á dos cursos 2016-2017 (4,04) e 2015-2016 (4,12).
- A satisfacción dos egresados sobre a información pública dispoñible alcanza o 3,57.
- Os niveles de satisfacción media dos titores externos cos programas de prácticas externas diminuíron lixeiramente, situándose en 4,34.
- Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas: 3,86 sobre 5 para o pasado curso académico, similar a anos anteriores (3,93 curso 2017-2018 e 4,26 curso 2016-2017). Neste sentido, destacan as valoracións da duración das prácticas (5), do grao de adecuación das instalacións e dos medios materiais con os que contaba a empresa/institución (4,75) ou da atención recibida por parte do titor/a externos e do persoal da empresa/institución (4,50).

### **Resultados**

- A porcentaxe da taxa de rendemento mantense no seu conxunto por encima do 80%, concretamente de un 88,23% para o pasado curso, no cal volve incrementarse dita taxa, recuperando practicamente os niveis de cursos anteriores ao 2017-2018.
- A taxa de éxito, do 100% para o pasado curso, mostra, en relación aos valores de anos anteriores (99,32% curso 2017-2018, 100% curso 2016-2017 e 100% para o curso 2015-2016), as elevadas porcentaxes alcanzadas en canto á superación das materias ás que o alumnado preséntase; por encima o valor medio da USC en todos os casos.
- A taxa de avaliación foi no curso 2018-2019 do 88,23% para o pasado curso académico, superando o valor do curso 2017-2018.
- A taxa de gradación da titulación foi de 78,57% para o pasado curso académico 2018-2019.

- A pesar do peso que poida ter o aprazamento na presentación e defensa do TFM dos alumnos/as do Máster nos indicadores globais de resultados, a duración media dos estudos é de 1,31 para un título de 60 créditos e unha duración dun ano.
- Dado o elevado número de matriculados do título, a taxa de abandono (9,52%) retorna aos valores anteriores ao un tanto elevado do curso 2017-2018 (13,04%), no que impactaría o abandono de estudantes procedentes de China.

## Táboas Resumo de Resultados

Nota: No caso de datos sen actualizar, indícase, entre paréntese, o último ano do que se dispón de resultados. No que atinxe á fila “Variación”, os símbolos indican se o novo resultado é mellor (frecha verde) ou peor (frecha vermella) que o do curso precedente e se a tendencia é de incremento (frecha ascendente) ou diminución (frecha descendente).

### Indicadores do Centro

INDICADOR	IN16C	IN14C-	IN49C	IXA-Co4	IN30C	IN01C	IN02C-
DEFINICIÓN	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	Porcentaxe de actas fóra de prazo	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	Prazas ofertadas	Matrícula
RESULTADO	3,75/5	0,58	4,31/5	Sen datos	13,02 (2015)	205	523
VARIACIÓN	↓	↓	↑	-	=	=	↓

INDICADOR	IN03C	IN04C	IN06C	IN07C	IN08C	IN09C	IN10C
DEFINICIÓN	Matrícula de acceso	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	Nota media de acceso por preinscrición	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas
RESULTADO	145	143	7,92	84,92	3,06%	3,63%	70,40
VARIACIÓN	↓	↓	↓	↓	↑	↓	↓

INDICADOR	IN12C	IN17C	IN18C	IN22C	IN24C	IN25C	IN26C
DEFINICIÓN	Taxa de ocupación	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total
RESULTADO	69,76	4,55	8,60	98,92	70,97	91,11%	53,45
VARIACIÓN	↓	=	↑	↑	↑	↓	↓

INDICADOR	IN31C	IN32C
DEFINICIÓN	Media de alumnos por grupo de teoría	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva
RESULTADO	43,33	28,69
VARIACIÓN	=	↓

**Indicadores do GCPA**

INDICADOR	IN34G	IN35G	IN36CG-S01-PM-01	IN37CG-S01-PM-01	IN38CG-S01-PM-01	IN39CG-S01-PM-01	IN40CG-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de rendemento (GCPA)	Taxa de éxito (GCPA)	Taxa de avaliación (GCPA)	Taxa de graduación (GCPA)	Duración media dos estudos (GCPA)	Eficiencia dos titulados (GCPA)	Taxa de abandono durante o primeiro curso (GCPA)
RESULTADO	72,55	86,56	83,82	40,00	4,72	91,02 (2015)	20,75
TENDENCIA	↑	↑	↑	↓	↓	=	↓

INDICADOR	IN41C-PC-05	IN50CG-S01-PM-01	IN51CG-S01-PM-01	IN53CG-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de abandono RD 1393/2007 (GCPA)	Taxa de éxito dos egresados (GCPA)	Taxa de idoneidade na graduación (GCPA)	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (GCPA)
RESULTADO	33,33	84,22	25,00	84,13
DIFERENCIA	↓	↑	↓	↑

**Indicadores do MMCCP**

INDICADOR	IN34CM-S01-PM-01	IN35CM-S01-PM-01	IN36CM-S01-PM-01	IN37CM-S01-PM-01	IN38CM-S01-PM-01	IN39CM-S01-PM-01	IN41CM-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de rendemento (MMCCP)	Taxa de éxito (MMCCP)	Taxa de avaliación (MMCCP)	Taxa de graduación (MMCCP)	Duración media dos estudos (MMCCP)	Eficiencia dos titulados (GCPA)	Taxa de abandono RD 1393/2007 (MMCCP)
RESULTADO	88,23	100,00	88,23	78,57	1,31	95,23 (2015)	9,52
DIFERENCIA	↑	↑	↑	↑	↑	=	↑

INDICADOR	IN50CM-S01-PM-01	IN53CM-S01-PM-01
DEFINICIÓN	Taxa de éxito dos egresados (MMCCP)	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (MMCCP)
RESULTADO	92,01	92,01
DIFERENCIA	↓	↓

### 3. Plan de Melloras do Centro Curso 2018-19

LISTAXE DE ACCIÓNS 2019-20						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AMC20-01-01	Aumento do axuste do primeiro curso ao perfil de ingreso; redistribución de contidos; redimensionamento de prácticas e TFGs	Exploración da viabilidade da introdución de modificacións no plan de estudos	En curso	Miguel Caínzos López	Decembro 2020	Non
AMC20-01-02	Efectos da Covid-19 no proceso de ensino-aprendizaxe	Estudo da adaptación do PDI e do alumnado ao contexto non presencial provocado pola Covid-19	Finalizado	Celestino García Arias	Xullo 2020	Si
AMC20-01-03	Efectos da Covid-19 no proceso de ensino-aprendizaxe	Estudo das medidas a adoptar en materia de programación académica (horarios, organización de grupos, aplicación das directrices dos órganos de goberno) ante o escenario de incerteza do curso 2020-21	Finalizado	Miguel Caínzos López	Xullo 2020	Non
AMC20-02-01	Deficiencias na información da actividade cultural	Mellorar a información da actividade extra-académica	En curso	Irene Rodríguez Manzano	Outubro 2020	Non
AMC20-02-02	Deficiencias na información da actividade cultural	Elaborar unha memoria cultural do Centro	En curso	Irene Rodríguez Manzano	Decembro 2020	Non
AMG20-03-01	Falta regulamento centro	Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro	Pendente	Miguel Caínzos López	Decembro 2020	Non
AMG20-03-02	Mecanismos de actualización do SGIC	Completar a actualización de documentos do SGIC (manual; procesos)	Finalizado	Ramón Bouzas Lorenzo	Xuño 2020	Sí
AMC20-05-01	Problemas infraestruturais	Asegurar a finalización da reparación da cuberta do aulario	Finalizado	Ester Filgueira López	Xullo 2020	Si
AMC20-05-02	Problemas infraestruturais	Estudar o aforo dispoñible nas aulas tras a aplicación de medidas de distanciamento social en previsión do inicio do curso 20-21 así como as opcións de seguimento das clases nun escenario de distanciamento social	Finalizado	Ramón Bouzas Lorenzo	Xuño 2020	Si
AMC20-05-03	Problemas infraestruturais	Completar a instalación de tomas eléctricas para equipamento portátil do alumnado nas aulas 1.1, 1.2 e 1.3	Finalizado	Ester Filgueira López	Xuño 2020	Si
AMC20-05-04	Problemas infraestruturais	Continuar coas obras de illamento térmico en despachos do PDI no primeiro andar	Finalizado	Ester Filgueira López	Xullo 2020	Si
AMC20-05-05	Problemas infraestruturais	Planificar a adquisición de material informático e audiovisual en previsión dun impacto prolongado da Covid19	En curso	Ester Filgueira López	Xullo 2020	Non



	MEMORIA DE CALIDADE 2018/19	Data: 10/11/2020
	<b>FORMATO</b>	Páxina 23 de 27

[Dada a magnitude do impacto da Covid-19 no proceso formativo, algunhas das accións de mellora están relacionadas co desenvolvemento do ensino neste contexto extraordinario e prevendo necesidades do curso seguinte]

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMG20-01
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Critério 1. Organización e Desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Detección de anomalías do deseño da oferta formativa en diversos cursos / Impacto da Covid-19 no proceso formativo
		Definición/descripción proposta	Analizar a organización do proceso formativo e a viabilidade da introdución de cambios no deseño curricular e nas ferramentas de apoio ao ensino
		Data prevista de finalización	Decembro 2020
		Data inicio	Marzo 2020
Responsables	Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo	
Tarefa 1	Código	AMG20-01-1	
	Descrición tarefa	Exploración da viabilidade da introdución de modificacións no plan de estudos	
	Data prevista de finalización	Decembro 2020	
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López	
Tarefa 2	Código	AMG20-01-2	
	Descrición tarefa	Estudo da adaptación do PDI e do alumnado ao contexto non presencial provocado pola Covid-19	
	Data prevista de finalización	Xullo 2020	
	Persoa responsable	Celestino García Arias	
Tarefa 3	Código	AMG20-01-3	
	Descrición tarefa	Estudo das medidas a adoptar en materia de programación académica (horarios, organización de grupos, aplicación das directrices dos órganos de goberno) ante o escenario de incerteza do curso 2020-21	
	Data prevista de finalización	Xullo 2020	
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López	

	MEMORIA DE CALIDADE 2018/19	Data: 10/11/2020
	<b>FORMATO</b>	Páxina 24 de 27

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMG20-02
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e Transparencia
		Definición	Análise causa
	Definición/descripción proposta		Perfeccionar a información e comunicación da actividade extra-académica
	Data prevista de finalización		Decembro 2020
	Data inicio		Setembro 2020
	Responsables	Responsable da implantación	Irene Rodríguez Manzano
Tarefa 1	Código	AMG20-02-1	
	Descrición tarefa	Mellorar a información da actividade extra-académica	
	Data prevista de finalización	Outubro 2020	
	Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano	
Tarefa 2	Código	AMG20-02-2	
	Descrición tarefa	Elaborar unha memoria cultural do Centro	
	Data prevista de finalización	Decembro 2020	
	Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano	

	MEMORIA DE CALIDADE 2018/19	Data: 10/11/2020
	<b>FORMATO</b>	Páxina 25 de 27

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMG20-03	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de Garantía Interna
		Definición	Análise causa	Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro
			Definición/descripción proposta	Mellorar a xestión do sistema de calidade do Centro
			Data prevista de finalización	Decembro 2020
	Data inicio		Marzo 2020	
Responsables	Responsable da implantación	Miguel Caínzos López		
Tarefa 1	Código	AMG20-03-1		
	Descrición tarefa	Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro		
	Data prevista de finalización	Decembro 2020		
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López		
Tarefa 2	Código	AMG20-03-2		
	Descrición tarefa	Completar a actualización de documentos do SGIC (manual; procesos)		
	Data prevista de finalización	Xuño 2020		
	Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo		

	MEMORIA DE CALIDADE 2018/19	Data: 10/11/2020
	<b>FORMATO</b>	Páxina 26 de 27

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMG20-05
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais
		Definición	Análise causa
	Definición/descripción proposta		Renovar equipamentos; planificar a adquisición de equipamento de reforzo dixital
	Data prevista de finalización		Outubro 2020
	Data inicio		Marzo 2020
Responsables	Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo	
Tarefa 1	Código	AMG20-05-1	
	Descrición tarefa	Asegurar a finalización da reparación da cuberta do aulario	
	Data prevista de finalización	Xullo 2020	
	Persoa responsable	Ester Filgueira López	
Tarefa 2	Código	AMG20-05-2	
	Descrición tarefa	Estudar o aforo dispoñible nas aulas tras a aplicación de medidas de distanciamento social en previsión do inicio do curso 20-21 así como as opcións de seguimento das clases nun escenario de distanciamento social	
	Data prevista de finalización	Xuño 2020	
	Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo	
Tarefa 3	Código	AMG20-05-3	
	Descrición tarefa	Completar a instalación de tomas eléctricas para equipamento portátil do alumnado nas aulas 1.1, 1.2 e 1.3	
	Data prevista de finalización	Xullo 2020	
	Persoa responsable	Ester Filgueira López	
Tarefa 4	Código	AMG20-05-4	
	Descrición tarefa	Continuar coas obras de illamento térmico en despachos do PDI no primeiro andar	
	Data prevista de finalización	Xullo 2020	

	MEMORIA DE CALIDADE 2018/19	Data: 10/11/2020
	FORMATO	Páxina 27 de 27

	<b>Persoa responsable</b>	Ester Filgueira López
<b>Tarefa 5</b>	<b>Código</b>	AMG20-05-5
	<b>Descrición tarefa</b>	Planificar a adquisición de material informático e audiovisual en previsión dun impacto prolongado da Covid19
	<b>Data prevista de finalización</b>	Xullo 2020
	<b>Persoa responsable</b>	Ester Filgueira López

#### 4. Anexo: Informes de seguimento

##### **Informe de seguimento do GCPA**

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/sgicinformes.html>

##### **Informe de seguimento do MMCCP**

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/sgicinformes.html>